



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/38	GOB18I00K2	
1M4F 2O6P 3B27 1S6Z 1961		

### ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE E TRES DE MAIO DE DOS MIL VINTE E CATRO

<b>SRES/AS ASISTENTES:</b>  <b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ  <b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  <b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ  <b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte e tres de maio de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

#### **2 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2024 (OPE 2024).**

Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:

##### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe- proposta do servizo de Organización e RRHH de data 16.05.2024, no que insta a aprobación da oferta de emprego público 24 con carácter urxente pola inminente convocatoria de prazas de policía local na Academia Galega de Seguridade.

Visto o informe da intervención desfavorable de data 16.05.2024 (INT18I00KN) e o informe do servizo de Organización e RRHH en contestación ao mesmo e que emite a seguinte proposta para aprobación da OPE 24:

**PRIMEIRO.-** Avogar para si, por razón da urxencia indicada nos antecedentes do presente informe en relación ao requirimento da Academia Galega de seguridade , a aprobación da oferta pública de emprego 2024 (ope24) que comprende as seguintes prazas nos apartados que se indican:

a) Prazas derivadas da taxa de reposición 2024:

Praza	Denominacion	Escala/subes/ca/ grupo	posto	sector
2120009	Traballador/a social	Ad.especil/s.espe/A2	02.06.A006	s.sociais*
2120022	Educador/a social	Ad.especial/s esp/A2	02.06.A013	s.sociais *
2213002	Policia local	Ad.especial/s esp/C1	01.01.c045	Policia local *
2213038	Policia local	Ad.especial/s esp/C1	01.01.c039	Policia local*
2213018*	Policia local	Ad.especial/s esp/C1	01.01.C018	Policia local *
2220011	Bombeiro-cond	Ad. Espec/s.espe/c2	01.02.C009	Extincion incend *
1400001	Aux.administrativo	Ad. Xeral /auxiliar/c2	02.01.c042	Of.at.cidada *
1500014	Conserxe	Ad. Xeral/subalt/c2	02.09.c033	No prioritario
1300030	administrativo	Ad. Xeral/admin/c1	02.04.c002	No prioritario
1300016	Administrativo/a	Ad. Xeral/admin/c1	Pa0207c002	No prioritario

\*sectores prioritarios

b) Prazas de promoción interna

Praza	Denominacion	Escala/subes/ca/ grupo	posto	servizo
1100002	Tecnico/a sup	Ad xeral/tecnica/superior	02.04.A001	urbanismo
2220038	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C038	SPEIS
2220039	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C039	SPEIS
2220040	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C040	SPEIS
2220041	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C041	SPEIS
2220042	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C042	SPEIS
2220043	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C043	SPEIS
2220044	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C044	SPEIS
2220045	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C045	SPEIS
2220046	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C046	SPEIS
2220047	Bombeiro-con	Ad.especial/s.espe/e.ince/C1	01.02.C047	SPEIS

Nas convocatorias das prazas determinarase o sistema selectivo para a súa cobertura, que con carácter xeral, será a oposición e concurso-oposición para aquelas de promoción interna e estabilización.

Nas convocatorias que se leven a cabo, haberá de terse en conta a reserva dunha cota das vacantes globalmente consideradas para ser cubertas entre persoas con discapacidade sempre

que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

**SEGUNDO-** Dar conta do presente acordo á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

**TERCEIRO-** Publicar a Oferta de Emprego Público no Diario Oficial da provincia da Coruña, para xeral coñecemento.

**CUARTO .-** Remitir o presente decreto á Administración Xeral do Estado, a efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei ven en RESOLVER, aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA INSCRICION NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE MAIO DE 2024.-**

(...)

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de maio de 2024, cun importe de 28.667,43 € e 1.442 contribuíntes.

**SEGUNDO:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**TERCEIRO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**CUARTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN PARA ELIXIR AOS PREPRESENTANTES DE ENTIDADES DEPORTIVAS E ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS NO PADROADO DE DEPORTES E APROBACIÓN DOS MODELOS DE CANDIDATURA E PAPELETAS DE VOTACIÓN.-** Vista a proposta formulada que di así: **ASUNTO: APROBACIÓN DO CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIONS PARA ELIXIR AOS REPRESENTANTES DE ENTIDADES DEPORTIVAS E ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS NO PADROADO DE DEPORTES E APROBACIÓN DOS MODELOS DE CANDIDATURA E PAPELETAS DE VOTACIÓN**

**A) ANTECEDENTES**

O Concello Pleno en data 21 de outubro de 2019, adoptou entre outros, a proposta de aprobación Inicial dos ESTATUTOS DO PADROADO DE DEPORTES DO CONCELLO DE NARÓN.

O día 21 de xaneiro de 2020, o BOP da Coruña, publicou a aprobación definitiva de ditos Estatutos.

Igualmente, o Concello Pleno, en data 28 de xuño de 2023, aprobou o nomeamento como representantes do Padroado de Deportes aos concelleiros e concelleiras que formarán parte da Asemblea do Padroado de Deportes.

Tal e como recollen os citados Estatutos, serán elixidos **tres** representantes das disciplinas deportivas federadas, distintas entre si, elixidos polas mesmas, e que acrediten a súa inscrición actualizada e completa como entidade deportiva no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Narón o día do inicio da convocatoria e **un** representante das ANPAS dos colexios públicos sitos no Concello de Narón, que se elixirán entre si.

As eleccións estará presididas polo presidente/a do Padroado coa presenza do secretario da Mesa, ou quen es estatutariamente deben substituílos.

Serán elixidos os candidatos que obteñan un maior número de votos por cada un dos grupos. O secretario/a do Padroado de Deportes levantará acta, e certificará o resultado.

Para levar a cabo a elección de ditos representantes, é necesaria a aprobación dun calendario que fixe as datas dos diferentes procesos que deberán levarse a cabo, así como tamén os modelos de presentación de candidaturas, e modelos de papeletas para a realización das votacións.

**B) CONSIDERACIÓN XURÍDICAS**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- RD 2568/1986, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 3/2012, de 2 de Abril do Deporte de Galicia.
- Estatutos do Padroado de Deportes do Concello de Narón, acordo Concello Pleno do día 21 de outubro de 2019.

Polo exposto anteriormente, e co fin de establecer un calendario, para a celebración das eleccións ao Padroado de Deportes, o Concelleiro/delegado de Deportes, por Resolución da Alcaldía, de data 22 de xuño de 2023, **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, a adopción do seguinte acordo:

- 1- Aprobación do calendario, así como a aprobación dos modelos de candidatura, e papeletas de votación que seguen a continuación:**



## CONCELLO DE NARÓN

DATA	PROCESSO
24-05-2024	DECRETO DA CONVOCATORIA POLA PRESIDENCIA
27-05-24 ó 14-06-24	PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS
17-06-2024	PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS
17-06-24 ó 20-06-24	COMUNICACIÓN DE CANDIDATURAS PROCLAMADAS.
21-06-2024	CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN: VOTO PERSOAL E ESCRUTINIO.

### MODELO DE CANDIDATURA

#### CONVOCATORIA DE ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES

2024

O Club:

presenta como candidato/a ás eleccións ó Padroado de Deportes a:

D:

con D.N.I. nº e enderezo en:

Rúa:

nº:

para a súa representación.

Narón, de de 2024

O Presidente/a do Club

Asdo.:

**NOTA.-** Coa candidatura acompañarase o certificado da Federación correspondente conforme o Club está Federado.

### MODELO DE PAPELETA DE VOTACIÓN

#### ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES

2024

(Sinalar cun "X" un máximo de 3 candidaturas e un mínimo de 1)

<input type="checkbox"/>	Club:
<input type="checkbox"/>	Nome:

<input type="checkbox"/>	Club:
<input type="checkbox"/>	Nome:

<input type="checkbox"/>	Club:
<input type="checkbox"/>	Nome:

### MODELO DE CANDIDATURA

#### CONVOCATORIA DE ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES (ANPAS)

2024

ANPA

presenta como candidato/a ás eleccións ó Padroado de Deportes a:

D:



## CONCELLO DE NARÓN

con D.N.I. n° \_\_\_\_\_ e enderezo en: \_\_\_\_\_  
Rúa: \_\_\_\_\_ n°: \_\_\_\_\_  
para a súa representación.

Narón, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**O Presidente/a do ANPA**

### **MODELO DE PAPELETA DE VOTACIÓN**

**ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES**

2024


(Sinalar cun "X" un máximo de 3 candidaturas e un mínimo de 1)

<input type="checkbox"/>	ANPA: _____
	Nome do presidente/a _____

### **MODELO DE SOBRE DE VOTACIÓN**

**ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES**

2024



**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4